



ACORDO DE APROBACIÓN DA LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS AO PROCEDEMENTO DE ADQUISICIÓN DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA (VPP) EN SEGUNDAS OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS NO CONCELLO DE PETÍN (OURENSE).

A directora territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ditou, en data 19/12/2025, resolución de inicio do procedemento de selección de persoas adquirentes da vivenda de promoción pública en segundas ou posteriores transmisións do expediente OR-94/020 conta 16, situada en Camiño Carballal, s/n, 2º C, en Petín (Ourense).

En data 07/01/2026 rematou o prazo para a presentación de solicitudes de participación no devandito procedemento. Debido a problemas técnicos na páxina web do IGVS, mediante resolución de data 14/01/2026 este prazo foi ampliado en 7 días desde a data da finalización do prazo inicial, segundo o artigo 32, puntos 1 e 4.

O procedemento de selección de persoas adquirentes de vivendas protexidas de promoción pública en segundas ou posteriores transmisións regúlase no artigo 31 do Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas, e no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Transcorrido o prazo sinalado na devandita resolución, non se presentaron solicitudes.

Polo que, a xefa da Área provincial do IGVS de Ourense, acorda:

1º Declarar deserto o procedemento de adquisición, referido á resolución de inicio do 19 de decembro de 2025, da vivenda protexida de promoción pública en segunda ou posterior transmisión do expediente OR-94/020 conta 16, situada en Camiño Carballal, s/n, 2º C, en Petín (Ourense).

2º Ordenar a publicación deste acordo na páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).

A vivenda pasará a figurar na sección de Publicidade Permanente.

Ourense, na data da sinatura electrónica

A xefa da Área provincial do IGVS

Esther Rodríguez Casal

